



<b>Instrución núm:</b> 1/2019, do 18 de febreiro de 2019
<b>ORIXE :</b> Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo
<b>TITULO:</b> DISTRIBUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS ORIXINADOS POLA XESTIÓN DO PROGRAMA DA RENDA BÁSICA DE EMANCIPACIÓN DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO 2019
<b>ÁMBITO:</b> Xestión de Solo de Galicia Xestur, S.A.

A Renda Básica de Emancipación (RBE), regulada polo Real Decreto 1472/2007, do 2 de novembro, é unha axuda estatal xestionada polas comunidades autónomas, no marco do correspondente convenio de colaboración. A Administración Xeral de Estado resérvase a xestión orzamentaria e o recoñecemento dos pagamentos da RBE.

En Galicia, a dita xestión encomendouse ás sociedades de xestión urbanística (Xestur), de acordo co establecido na cláusula terceira, apartado 6, do Convenio asinado con data do 20 de decembro de 2007 (BOE nº 73, do 25 de marzo de 2008), na que se di: “A *Consellería de Vivenda e Solo, encomendará as axudas estatais que configuren a RBE ás sociedades públicas Xestur Coruña, S.A., Xestur Ourense, S.A., Xestur Pontevedra, S.A., Xestur Lugo, S.A...*”. Na súa virtude, por Resolución do 28 de decembro de 2007 encoméndase a Xestur Coruña, S.A, Xestur Lugo, S.A, Xestur Ourense, S.A e Xestur Pontevedra, S.A, a realización das actuacións relativas á aplicación da RBE, con vixencia mentres se manteña en vigor o convenio de colaboración que ten efectos, segundo a súa cláusula sexta, desde a súa firma e mentres se manteña en vigor o Real decreto 1472/2007.

No apartado quinto da encomenda se establece que: “*En canto á forma de pago destes gastos e a súa xustificación, anualmente a Consellería de Vivenda e Solo ditará a correspondente instrución establecendo os gastos que por esta encomenda de xestión, se financiarán pola Consellería de Vivenda e Solo e o importe da retribución pola xestión, gastos que poderán ser incrementados durante o exercicio económico sempre que sexan debidamente xustificados e teñan cabida nas disponibilidades orzamentarias da Consellería de Vivenda e Solo*”. As funcións da extinta Consellería de Vivenda e Solo correspóndenlle na actualidade ao Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).





Con data 1 de xaneiro de 2014 fusionáronse as catro sociedades públicas de xestión urbanística nunha única sociedade baixo a denominación de Xestión de Solo de Galicia Xestur S.A., (Xestur Galicia) cuxa sede está radicada en Santiago de Compostela. Conta con dúas unidades territoriais, a unidade Norte que asume as competencias de xestión nas provincias da Coruña e Lugo, e a unidade Sur nas provincias de Ourense e Pontevedra.

A xestión do programa da RBE sufriu modificacións con base no disposto no Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, no Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, na disposición adicional segunda da Lei 4/2013, do 4 de xuño e na Orde FOM/2252/2014, do 28 de novembro, pola que se determina a efectividade das liñas de axuda previstas no RD 233/2013, do 5 abril, polo que se regula o Plan estatal 2013-2016. No artigo único apartado 2.a) da citada Orde do FOM/2252/2014 establécese, respecto de cada beneficiario das axudas da RBE, que a efectividade das novas liñas de axuda producirase ata a finalización do prazo polo cal tiveran recoñecida a dita axuda.

Este programa está nunha fase de peche e liquidación, mantendo a súa vixencia respecto dos beneficiarios que xa tiñan recoñecida a axuda. Nesta situación de peche paulatino do programa seguen a xerarse actividades de xestión, tanto para os expedientes activos, como respecto daqueles outros afectados por controis de ingresos en exercicios anteriores, que esixen a realización de actuacións previas de comprobación e a tramitación dos correspondentes procedementos de reintegro, de ser o caso. Así mesmo, tamén esixe a execución doutras tarefas que resultan ineludibles para a liquidación do programa en atención a normativa e marco de colaboración vixente.

Por iso, mentres se manteña esta situación, o desenvolvemento da xestión realizarase no marco da estrutura propia e ordinaria da entidade colaboradora, coa mesma dimensión no que respecta ao mantemento da oficina aberta ao público, a través da súa sede central (Santiago de Compostela). Tamén se manterá o equipo de coordinación técnico especializado integrado por dúas persoas, co obxecto de procurar unha actuación unificada, así como para garantir as correctas comunicacións e conexións co Ministerio de Fomento e co IGVS, tarefas que adquiren unha especial importancia nestes momentos para a correcta liquidación da RBE en Galicia.

Neste contexto, o financiamento da encomenda de xestión debe seguir axustado aos gastos necesarios para atender a actual situación e fase do programa. Deste modo, se concretan nos gastos do persoal contratado e de funcionamento do equipo de coordinación con experiencia e coñecemento do programa, composto por dúas persoas que seguirán desenvolvendo as súas funcións en Santiago de Compostela, mantendo a contía da retribución ou compensación pola RBE.





Por iso, e con base no establecido na encomenda realizada no exercicio 2007 e para os efectos de determinar os gastos que serán financiados a Xestión de Solo de Galicia Xestur, S.A. (Xestur Galicia) polo IGVS con cargo aos seus orzamentos no exercicio 2019, dítanse as seguintes,

## INSTRUCCIÓNS

### PRIMEIRA.- CONTÍA

A contía do crédito que figura nos orzamentos de gastos do IGVS para o financiamento da encomenda de xestión do programa da RBE, no exercicio 2019, é a que se reflicte a continuación:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CÓDIGO DE PROXECTO	CRÉDITO	ENCOMENDA 2019
07.83.451B.441.17	2015 0008	105.000,00 €	86.776,86 €

### SEGUNDA.- FINANCIAMENTO E DISTRIBUCIÓN DO GASTO

#### 2.1).- Gastos correntes pola xestión do programa RBE.

ENTIDADE	RETRIBUCIÓN RBE
XESTUR GALICIA	4.526,09 (sen IVE)

#### 2.2).- Gastos de persoal da oficina de coordinación da RBE.

ENTIDADE	GASTOS DE PERSOAL
XESTUR GALICIA	82.250,77 €

Ao financiamento dos gastos de persoal aplicarase o custo das retribucións dun máximo de dúas persoas integrantes do equipo de coordinación, tendo en conta os conceptos retributivos de 2019, así como o custo derivado da seguridade social.

### TERCEIRA.- PERIODICIDADE, NATUREZA E XUSTIFICACIÓN DOS LIBRAMENTOS

As xustificacións de gasto remitiranse ao IGVS a mes vencido dentro dos dez primeiros días de cada mes, agás os correspondentes ao mes de decembro. Neste ultimo caso, estarase ao que dispoña a orde de peche do exercicio 2019, no que se refire aos períodos de peche ou ampliación da execución orzamentaria.





Os libramentos serán en firme, e para a súa tramitación terá que aportarse a factura mensual correspondente aos gastos de retribución ou compensación e a factura na que a base serán os gastos de persoal, xunto coa certificación da desagregación de gastos asinada pola xerencia de Xestur Galicia e da correspondente documentación xustificativa.

Santiago de Compostela,

O director xeral do IGVS

*(Documento con sinatura electrónica)*

Asinado por:  
Cargo: Director xeral do IGVS  
Data e hora: 18/02/2019 12:44:04

CVE: Eca5OrFSv6  
Verificador: <https://sede.xunta.gal/ove>

